

Vexo, vexo en España e Europa

Unidade didáctica

Un pouco de cartografía

Os mapas forman parte da chamada **cartografía** que é coñecida como a *ciencia que estuda os mapas e as cartas cartográficas e como realizalas*.

Os **mapas** son unha representación gráfica dunha porción dun territorio que pode ser representado de forma bidimensional o esférica como os globos terráqueos.

Mapas e os seus tipos

Principalmente, hai distintos tipos de mapas:

MAPA FÍSICO

Representan características físicas dun territorio (hidrografía, relevo, límites de costa...)

MAPA POLÍTICO

Representan divisións territoriais con fins legais ou administrativos (ciudades, provincias, países...)

MAPA HISTÓRICO

Representan acontecementos históricos determinados para comprendelos mellor.

MAPA TOPOGRÁFICO

Representan de forma moi precisa aspectos do terreo como alturas, depresións, vexetación...

MAPA TEMÁTICO

Representan un contido en particular. Poden ser: turísticos, xeolóxicos, de comunicacións...

As escalas dos mapas

A escala dun mapa é a relación que hai entre a distancia sobre un mapa e a distancia sobre a superficie terrestre. É dicir, é a relación existente entre un obxecto ou lugar e a representación do mesmo.

Ven presentada de forma numérica ou gráfica.



Que son as paisaxes?

Unha paisaxe é unha **extensión de terreo que pode verse desde un determinado lugar**. É dicir, é todo aquilo que podemos ver ao noso redor. Todos os elementos visibles poden ser naturais ou artificiais, isto é, feitos polo home.



Elementos que forman as paisaxes

Ningunha paisaxe é igual a outra. Todas teñen as súas características propias que as fan especiais e diferentes. Porén, hai uns elementos comúns a todas as paisaxes:

CLIMA

AUGA

FAUNA

RELEVO

VEXETACIÓN

ELEMENTOS
HUMANOS

Diversidade nas paisaxes de España

En España hai grande diversidade paisaxística debido aos seguintes factores:

- *Situación da Península Ibérica e as Illas Canarias.* Estamos ubicados nunha zona climática temperada.
- *Os solos.*
- *O relevo.*
- *O clima.* Dependendo se están na zona de costa ou interior, norte ou sur, as paisaxes cambian no noso país.

As principais paisaxes de España

Paisaxe oceánica/atlántica

- Localización: todo o norte do país.
- Caracterízase polo seu verdor debido ás chuvias abundantes e regulares.
- Bosques de folla caduca como robles, faias e castaños.
- Prados verdes todo o ano.



As principais paisaxes de España

Paisaxe mediterránea

- Localización: toda a zona central caracterizada por mesetas e vales.
- A vexetación concéntrase nas ribeiras dos ríos e preto das montañas. Adáptase ao calor e á sequía do verán.
- Abundan as árbores de folla perenne e de pequeno tamaño como o pino carrasco.



As principais paisaxes de España

Paisaxe de montaña

- Localización: zonas de montaña
- Caracterízase pola variación da temperatura e humidade pola diferenza de altitude.
- Nas zonas de maior altitude destacan os bosques de folla perenne e os de folla caduca. Máis arriba dos 2000m, hai pastos de montaña e matorrais.
- En zonas baixas, hai vexetación mixta e na montaña media vexetación típica dos bosques atlánticos (robles, faias e castaños).

As principais paisaxes de España

Paisaxe canaria

- Localización: illas Canarias
- Teñen un relevo montañoso e pola súa orixe volcánica, as precipitacións e a súa latitude, teñen especies propias como o pino canario, o cardón o drago e a tabaiba.
- No norte, a vexetación é máis abundante pola humidade e no sur hai plantas adaptadas á sequía.



Europa e a súa paisaxe

Europa caracterízase por ser un **continente bastante plano**, cunha altitude media de 300 metros. Porén, existen algunhas excepcións con zonas de relevo bastante altas como Mont Blanc (Francia).

A costa europea ten un relevo bastante variado e recortado con penínsulas (P. Ibérica e Itálica, por exemplo), illas, mares interiores, longas praias...